

CLUB ATLÉTICO SAN PEDRO

Avda Salvador Allende, nº 87 - Nós

Notificación

Notifícaselle, en cumprimento do disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Decreto da Alcaldía núm. 2020005599, ditado en data 21 de decembro de 2020, na parte que lle afecta :

“Asunto: Concesión de subvencións para a promoción e difusión da cultura e o deporte, ano 2020.

Nº expte.- 2020/EGFAB/000160, 2020/EGFAB/000162, 2020/EGFAB/000163

Ref. BDNS: 524712

Antecedentes

I.- Na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 8 de setembro de 2020, aprobáronse as bases específicas e convocatoria para concesión de subvencións polo Concello de Oleiros para a promoción e difusión da cultura e o deporte para o ano 2020.

II.- O anuncio da convocatoria foi publicado no BOP nº 160, de 25 de setembro de 2020, por medio da BDNS, abríndose o prazo para a presentación de solicitudes, que remataba o 19 de outubro. Dentro do prazo foron presentadas 44 solicitudes. Unha solicitude (...) foi presentada fora de prazo.

III.- As entidades cuxas solicitudes presentaban eivas ou carencias foron requeridas para emendalas.

IV.- As entidades seguintes presentaron a súa renuncia ás subvencións solicitadas:

- CLUB ATLÉTICO SAN PEDRO (Rx. Entrada nº 2020017961)
[...]

V.- De conformidade co previsto nas bases reguladoras, en data 17/12/2020 reuniuse o órgano instructor, a efectos de avaliar as solicitudes presentadas e formular proposta de resolución.

Do informe do órgano instructor despréndese que todas as entidades a favor das cales se propón conceder subvención cumpren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras, coa seguinte excepción:

[...]

VI.- En data 21/12/2020 foi emitido informe favorable pola Intervención Municipal.



Á vista do actuado, e resultando que corresponde á Alcaldía a concesión das subvencións, de acordo co previsto nas Bases reguladoras,

RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a renuncia ás súas solicitudes das seguintes entidades:

- CLUB ATLÉTICO SAN PEDRO
[..]

[...]

Cuarto.- Que se notifique aos interesados, informándolles de que contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

O que lle notifico aos efectos oportunos.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Secretaria accidental do concello de Oleiros (P. D. A Asesora Xurídica CEDFEX, segundo decreto da alcaldía nº 4499/12 do 24 de outubro). (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

